



ACTA Nº 2021/7

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 30 de abril de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

I. Borrador da sesión extraordinaria e urxente celebrada o 25 de marzo de 2021
Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes na sesión plenaria.

II. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2021.
Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes na sesión plenaria.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMIENTO DO PXOM

2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación Convenio de Colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a FEGAMP, os concellos de Ames, As Pontes, Cee e Coirós para o desenvolvemento do programa de apoio cartográfico a Concellos. Expediente Nº 2021/A005/000003.



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día martes 20 de abril de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación Convenio de Colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a FEGAMP, os concellos de Ames, As Pontes, Cee e Coirós para o desenvolvemento do programa de apoio cartográfico a Concellos. Expediente Nº 2021/A005/000003.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, OS CONCELLOS DE AMES, AS PONTES, CEE, E COIRÓS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOIO CARTOGRÁFICO A CONCELLOS.

EXPEDIENTE Nº 2021/A005/000003.

Considerando a comunicación remitida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Instituto de Estudos do Territorio), conforme a cal debe procederse por este Concello a sinatura do Convenio na segunda semana de maio de 2021, e polo que en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación do Convenio que de seguido se transcribe:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, OS CONCELLOS DE AMES, AS PONTES, CEE, E COIRÓS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOIO CARTOGRÁFICO A CONCELLOS.

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dona Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.



Exp. 2021/G010/000007

Don Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (no sucesivo FEGAMP), actuando en virtude das atribucións que lle confire os artigos 44 e 46.1.b dos seus Estatutos.

Don Blas García Piñeiro, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Ames, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Don Valentín González Formoso, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de As Pontes provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Dona Margarita Lamela Louzán, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cee, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Don Francisco Quintela Requeijo, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Coirós, provincia da Coruña, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:
 - Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.
 - Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).

- Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

SEGUNDO Que a lei 14/2010 do 5 de xullo sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica de España, ten por obxecto complementar a organización dos servizos de información xeográfica e fixar, de conformidade coas competencias estatais, as normas xerais para o establecemento de infraestruturas de información xeográfica en España orientadas a facilitar a aplicación de políticas baseadas na información xeográfica polas Administracións Públicas e o acceso e utilización deste tipo de información.

Para a organización dos servizos de información xeográfica e cartografía que contempla a Lei, no seu artigo 17, cóntase coa participación do Sistema Cartográfico Nacional.

Que o Real Decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional, no seu artigo 2, apartado 1, establece que o Sistema Cartográfico Nacional persegue o exercicio eficaz das funcións públicas en materia de información xeográfica mediante a coordinación da actuación dos diferentes operadores públicos cuxas competencias concorren neste ámbito, cos obxectivos seguintes:

- a) Garantir a homoxeneidade da información producida polos organismos públicos que formen parte del e que de maneira concorrente desenvolven actividades cartográficas no territorio nacional, para asegurar así a coherencia, continuidade e interoperabilidade da información xeográfica sobre o territorio español.
- b) Favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica, evitando a dispersión e duplicidade dos recursos públicos utilizados e promovendo a cooperación interinstitucional.
- c) Asegurar a dispoñibilidade pública e actualización dos datos xeográficos de referencia.
- d) Optimizar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo ao público, facilitando o acceso á información
- e) xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.

TERCEIRO Que segundo establece o artigo 3 dos Estatutos da Federación Galega de municipios e provincias (FEGAMP) o seu ámbito competencial incluirá calquera asunto que garde relación cos intereses comúns dos Entes Locais que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os fins da FEGAMP recollidos no artigo 6 dos seus estatutos está o de promover e representar os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, gozando no exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios de plena capacidade para subscribir os convenios que procedan.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CUARTO Que segundo establece o artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias entre outras:

- Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística
- Protección e xestión do Patrimonio histórico
- Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira
- Conservación e rehabilitación da edificación

QUINTO Que o modelo da Base Topográfica Armonizada v1.0 (BTA v1.0) é un modelo definido para a elaboración da cartografía 1/5 000 e 1/10 000, que xorde da harmonización dos diferentes modelos existentes para a produción das bases topográficas por parte das Comunidades Autónomas, Deputacións Forais e a Administración Xeral do Estado.

A partir do modelo BTA v1.0 engadíronse polo Instituto Geográfico Nacional algúns elementos para a construción da denominada BTA+. Posteriormente incluíronse fenómenos propios de Galicia, dando como resultado a Base Topográfica Armonizada de Galicia BTG v1.0.

Tomando como partida o modelo da Base Topográfica Armonizada de Galicia BTG v1.0, xunto cos traballos realizados pola Comisión de Normas Cartográficas do Consello Superior Geográfico e coa colaboración de diversos concellos produtores a escalas maiores a 1/5.000, definiuse o modelo de datos da Base Topográfica Urbana de Galicia BTUG v1.0 para as escalas 1/2.000, 1/1.000 e 1/500.

Actualmente existen dúas novas versións das especificacións denominadas BTG v1.1 e BTUG v1.2 e mediante as que buscamos o seu emprego en Sistemas de Información Xeográfica e como referencia para a produción e guía de consulta de cartografía por parte de produtores e usuarios.

Pola súa banda as Normas Técnicas de Planeamento de Galicia, aprobadas pola Orde de 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (DOG núm. 224 do 25.11.2019) teñen por obxecto unificar os criterios técnicos para a elaboración dos documentos de planeamento urbanístico, a terminoloxía e os conceptos urbanísticos xerais e regulan no seu Título II a base cartográfica dos documentos de planeamento urbanístico, entre os que figuran os Plans básicos municipais. Estas Normas Técnicas recollen no seu anexo 8 un catálogo mínimo de obxectos xeográficos da base topográfica do planeamento urbanístico que supoñen na práctica unha BTG v1.0 e unha BTUG v1.0 simplificadas.

SEXTO As novas tecnoloxías e metodoloxías para producir, distribuír e utilizar a información xeográfica son un constante desafío para as administracións, xa sexan de ámbito nacional, rexional ou local. É, neste último ámbito, no que se detectou a necesidade destas administracións de produtos para satisfacer as demandas que presentan tanto en canto á cartografía base sobre a que desenvolver o seu plan, como pola importancia que teñen estes produtos para a propia xestión municipal, as infraestruturas de datos espaciais, o modelizado de vivendas, a realización de plans de emerxencias, o estudo e deseño de redes de saneamento e abastecemento...

Por outra banda, o IET recibe constantemente consultas sobre como aplicar as normas cartográficas emanadas da Comisión para a Coordinación da Información Xeográfica e Cartografía, e que son



recollidas nas propias Normas Técnicas de Planeamento (Artigo 18 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.) como de obrigado cumprimento, así como da dificultade que ten a Administración Local de contar con técnicos especializados neste sentido.

Finalmente débese destacar o feito de que as bases topográficas son caras de producir e poder licitar conxuntamente entre varias administracións, reduce os custos e axuda á mellora da calidade dos resultados obtidos.

Neste senso, o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

SÉTIMO Que é de interese común das partes a obtención conxunta de bases topográficas a escala 1/5.000 de todo o termo municipal, e de escalas 1/2.000 1/1.000 daquelas zonas indicadas a tal efecto por parte dos concellos.

OITAVO Os asinantes presentan polo tanto, unha sintonía cos obxectivos do convenio, así como complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, quedando acreditada a súa representatividade no ámbito obxectivo do convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular o réxime de colaboración entre as partes subscritoras aos efectos de acadar a realización de bases topográficas a escalas 1/5.000, 1/2.000 e 1/1.000. Esta última escala naqueles concellos onde existan voos fotogramétricos que a permitan realizar:

- A cartografía a escala 1/5.000 xerarse para todo o concello
- As zonas a cartografar a escala 1/2.000 e 1/1.000 serán definidas polos propios concellos, tendo en conta que a cartografía a escala 1/1.000 tan só será posible obtela naqueles concellos que foron voados dentro do PNOA10_Galicia <https://ideg.xunta.gal/webapps/PNOA10/>

A cartografía a obter será compatible coa existida nas Normas Técnicas de Planeamento e seguirá as especificacións de produto da BTUG e da BTG, estando orientado o seu uso mediante Sistemas de Información Xeográfica.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS E COMPROMISOS DAS PARTES

O IET comprométese ao seguinte:

- Dirección técnica dos traballos para a realización das actividades recollidas no convenio.
- Contratación do servizo para obtención de Bases Topográficas dentro do Programa de Apoio Cartográfico aos Concellos (PACC_2021), nos concellos de Ames, As Pontes de García Rodríguez, Cee y Coirós.
- Achega de parte do financiamento necesario para a execución deste convenio (50.000 euros), segundo se detalla na cláusula cuarta e a asumir o control de calidade dos produtos elaborados.
- De conformidade coas súas competencias, verificar o control de calidade da cartografía, así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional.



A FEGAMP comprométese á promoción do obxectivo e das actuacións deste convenio entre as entidades locais (deputacións, concellos e entidades supramunicipais) para conseguir a maior participación neste durante o período de vixencia ou en posteriores prórrogas, de ser o caso, en coordinación co IET. Así mesmo, comprométese a mediar para acadar vías de cofinanciamento dos traballos obxecto deste convenio, ao fin de que os concellos poidan acceder máis facilmente a unha cartografía actualizada e adaptadas ás súas necesidades.

Os concellos comprométese a:

- Delimitar as zonas a cartografiar tendo en conta estes criterios e as súas propias necesidades e faranse cargo do resto do custo en proporción á dita superficie.
- Achegar o financiamento necesario, detallado na cláusula cuarta, así como a delimitar as zonas a capturar e a facilitar toda a información territorial necesaria para a execución deste convenio.

No anexo I detállase o custos do Programa de apoio cartográfico a concellos.

Realizada a xeración de crédito, o IET procederá á tramitación do expediente de contratación do servizo, sen prexuízo da obriga do ingreso efectivo das respectivas achegas por parte dos concellos no prazo sinalado na cláusula quinta. E, así mesmo, durante a súa execución, á dirección técnica dos traballos e ao control de calidade simultáneo e posterior.

Unha vez realizada a cartografía, a información obtida será posta a disposición de todos os participantes neste convenio e do conxunto da cidadanía dun xeito libre e gratuíto mediante calquera das Infraestruturas de Datos Espaciais (IDE) dos organismos participantes no acordo .

O IET, de conformidade coas súas competencias, comprométese a verificar o control de calidade da cartografía, así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional.

Os concellos comprométese a aportar o financiamento necesario, detallado na cláusula cuarta, así como a delimitar as zonas a capturar e a facilitar toda a información territorial necesaria para a execución deste convenio.

TERCEIRA. ORZAMENTO

O prezo por hectárea estableceuse do seguinte xeito:

ESCALA	Custo PNOA10	Custo resto de concellos
1:1000	45 €/Ha	-
1:2000	18 €/Ha	18 €/Ha
1:5000	4 €/Ha	4,5 €/Ha

O prezo por hectárea estimouse a partir, da consulta preliminar ao mercado realizada no ano 2018 para o PNOA10_Galicia, particularizando estes en función das características dos voos de partida e dos custos establecidos para un proxecto similar como é a cartografía do Plan Básico Municipal.

Os concellos delimitaron as zonas a cartografiar tendo en conta as súas propias necesidades e se estableceu que a superficie é de:

- 900 hectáreas a escala 1:1.000
- 2.536,50 hectáreas a escala 1:2000
- 38.690,70 hectáreas a escala 1:5000



O IET levará a cabo o control de calidade así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional co seu propio persoal, e así mesmo realizará unha achega económica de 50.000€ IVE incluído, de xeito que o custe total deste convenio ascende a 283.095,15 € IVE incluído.

No anexo II detállase o orzamento por concello previo á achega do IET.

CUARTA. FINANCIAMENTO E DISTRIBUCIÓN

O financiamento da contratación da elaboración da cartografía é asumido polo IET e polos concellos. O IET comprométese a achegar a cantidade de 50.000 €, coa que cofinanciar as hectáreas a escala 1/5000 delimitadas polos concellos, tendo en conta as súas necesidades, con cargo á aplicación orzamentaria 08 80 541E 640.1 (proxecto 2021 00001), e os concellos asinantes os 207.095,15 € restantes.

O contrato executarase ao longo das anualidades 2021 e 2022.

Polo tanto, o custo da cartografía ascende a 257.095,15 € dos cales 207.095,15 € son financiados polos concellos e 50.000 € polo IET (IVE incluído en ambos casos) do seguinte xeito:

- Ano 2021 25.000 €
- Ano 2022 25.000 €

O control de calidade así como a súa harmonización e normalización, no marco do Sistema Cartográfico Nacional, estimado en 26.000,00 €, realizarao o IET co seu propio persoal, con cargo ao capítulo I dos orzamentos do Instituto de Estudos do Territorio para as anualidades 2021 e 2022, distribuídos do seguinte xeito:

- Ano 2021 13.000 €
- Ano 2022 13.000 €

En consecuencia, o custe total deste convenio ascende a 283.095,15 € IVE incluído.

No anexo III detallase as obrigas financeiras de cada unha das partes, téndose en conta que os 50.000 euros que aporta o IET servirán para reducir a achega de cada concello prevista no Anexo II.

QUINTA.- PAGAMENTO E LIQUIDACIÓN

Con anterioridade á sinatura do convenio, remitirase ao IET a seguinte documentación:

- Documento contable no que conste a correspondente retención de crédito (RC).

Este compromiso é imprescindible para que o IET poida tramitar a xeración do crédito correspondente, ao abeiro do disposto no artigo 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para poder dispoñer de crédito suficiente para tramitar a contratación necesaria para a execución deste convenio.

Posteriormente os concellos transferirán á Tesourería da Xunta de Galicia (conta bancaria: ES82 2080 0300 8731 1006 3172) o importe das súas obrigas dentro do mes seguinte ao da sinatura do convenio.

De non se efectuar a achega correspondente a cada concello no prazo fixado, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles



correspondan a aqueles como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

O IET comprométese a pagar o importe da elaboración da cartografía á empresa contratada ao abeiro do contrato que se formalice en execución deste convenio.

No caso de que o convenio non se chegase á executar ou se executase só en parte, o IET comprométese a devolver aos concellos, no prazo mais breve posible que permita a súa tramitación dende que se formalizase a resolución ou modificación, o importe das súas achegas, que pode ser total ou proporcional á parte non executada.

No caso de que non exista un número mínimo de tres concellos que realicen as referidas achegas, quedará sen efecto o convenio e decaerá o deber do IET de contratar a elaboración da cartografía.

Unha vez executado o contrato, o IET realizará a liquidación do convenio. A diferenza entre o orzamento de licitación do contrato (257.095,15 €) e o orzamento de adxudicación, minorado polo importe do IET (50.000 €), devolverase de forma íntegra aos concellos adheridos ao convenio, en proporción á achega e superficie de cada un, no prazo máis breve posible que permita a súa tramitación. O importe achegado polo IET (50.000,00 €) non se minorará.

A achega do IET (50.000,00 €) ten por obxecto reducir o custo dos concellos agora asinantes, sen prexuízo da posibilidade de que no futuro se adhiran a este convenio novos concellos, a través de addenda, no período anterior á adxudicación do contrato, e dentro dos límites previstos no artigo 204 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

O IET resérvase a posibilidade de reintegrar o importe íntegro satisfeito polos concellos asinantes da parte correspondente ao 1/5.000, no suposto de obter financiación suficiente a través de fondos comunitarios, coa finalidade de abordar esta iniciativa no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

SEXTA.- ADHESIÓN DE NOVAS PARTES

Durante a vixencia deste convenio, poderanse adherir novos asinantes, ben sexan novos concellos, en cuxo caso debe producirse a adhesión no período anterior á adxudicación do contrato; ou ben outras administracións, no suposto de considerarse por parte das partes asinantes que poden axudar a mellorar a calidade ou axudar na cofinanciación desta iniciativa.

As adhesións formalizaranse mediante as oportunas addendas a este convenio e dentro do límite previsto na cláusula quinta.

Nas addendas de novos concellos deberase detallar a superficie para voar, o orzamento do devandito voo e as obrigas das partes. As correspondentes achegas económicas calcularanse en función dos prezos por hectárea reflectidos na cláusula terceira e estas adhesións non implicarán ningunha modificación dos importes correspondentes aos concellos que formalizaran este convenio inicial nin tampouco aumento da achega do IET.

Con anterioridade á formalización desta addenda, os novos concellos achegarán ao IET un documento contable no que conste a correspondente retención de crédito (RC).

Dentro do mes da sinatura da addenda, os novos concellos deberán a transferir á Tesourería da Xunta de Galicia (conta bancaria: ES82 2080 0300 8731 1006 3172) o importe das súas obrigas.

SÉTIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

OITAVA.-VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31/12/2022 agás a prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida, sen que en ningún caso poda exceder dos catro anos.

NOVENA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento, composta por dous membros de cada unha das entidades asinantes. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- Seguimento das actividades contempladas no presente convenio
- Liquidación do convenio se fose o caso.

Operatividade: A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio, sen prexuízo dos danos e perdas imputables ao causante.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DUODÉCIMA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non puideran ser dirimidas pola comisión de seguimento creada a tal efecto, resolveranse pola xurisdición contencioso administrativa, na maneira regulada na Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade asinan dixitalmente o presente convenio

Polo IET

Pola FEGAMP

Ángeles Vázquez Mejuto

Alfredo L. García Rodríguez

Polo Concello de Ames

Polo Concello de As pontes de García Rodríguez

José Manuel Miñones Conde

Valentín González Formoso
Polo Concello de Coirós

Polo Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán

Francisco Quintela Requeijo



ANEXO I Custos do Programa de apoio cartográfico a concellos

ESCALA	Custo PNOA10	Custo resto de concellos
1:1000	45 €/Ha	-
1:2000	18 €/Ha	18 €/Ha
1:5000	4 €/Ha	4,5 €/Ha



ANEXO II Orzamento desagregado por concello (IVE incluído) previo á achega do IET

ENTIDADE	ESCALA	SUPERFICIE EN HECTÁREAS/Concepto	ORZAMENTO DESAGREGADO	ORZAMENTO/achega económica/valoración
Ames	1:1000	900,00	40.500,00 €	79.904,00 €
	1:2000	782,00	14.076,00 €	
	1:5000	6.332,00	25.328,00 €	
As Pontes de García Rodríguez	1:2000	805,50	14.499,00 €	123.232,95 €
	1:5000	24.163,10	108.733,95 €	
Cee	1:2000	415,00	7.470,00 €	31.453,20 €
	1:5000	5.329,60	23.983,20 €	
Coirós	1:2000	534,00	9.607,00 €	22.505,00 €
	1:5000	2.866,00	12.898,00 €	
TOTAL			257.095,15 €	



ANEXO III Obrigas financeiras das partes.

ENTIDADE	CUSTO
Ames	71.721,16 €
As Pontes de García Rodríguez	92.006,96 €
Cee	24.565,76 €
Coirós	18.801,27 €
Instituto de Estudos do Territorio Financiamento dos voos (achega económica)	50.000,00 €
Orzamento	257.095,15 €
Instituto de Estudos do Territorio Control de calidade (valoración económica)	26.000,00C
Custo total	283.095,15 €

Os 50.000 euros do IET servirán para reducir a aportación económica inicialmente prevista para cada concello.”

SEGUNDO.-Dar traslado do presente acordo a Consellería competente aos efectos oportunos e de sinatura do presente convenio.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos municipais PSOE, PP e Grupo Mixto e 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIONS

Sra alcaldesa: trátase da aprobación Convenio de Colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a FEGAMP, os concellos de Ames, As Pontes, Cee e Coirós para o desenvolvemento do programa de apoio cartográfico a Concellos, consiste a axuda para realización das escalas topográficas, nos non podemos facer a escala 1:1000 o IET se compromete a dirección técnica a contratación do servizo para obtención das bases cartográficas, a achega de 50.000 a repartir entre os catro concellos e a verificar o control de calidade da cartografía a aportación do concello é de 24565,76 euros e simplemente é para facer a cartografía necesaria para o PXOM.



VOTACIÓNS

Sométese o Ditame á votación e resulta aprobado por 3 abstencións do grupo político IXCee e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

3. Proposta da Alcaldía: Acordo interpretativo do Pleno da Corporación relativo a compatibilidade da actividade de Tanatorio/Crematorio co uso industrial conforme as NNSS Concello de Cee e Ordenanza 2 do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial en Cee, Expediente Nº: 2020/U022/000011.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día martes 20 de abril de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da Alcaldía: Acordo interpretativo do Pleno da Corporación relativo a compatibilidade da actividade de Tanatorio/Crematorio co uso industrial conforme as NNSS Concello de Cee e Ordenanza 2 do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial en Cee, Expediente Nº: 2020/U022/000011.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Acordo interpretativo do Pleno da Corporación relativo a compatibilidade da actividade de Tanatorio/Crematorio co uso industrial conforme as NNSS Concello de Cee e Ordenanza 2 do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial en Cee,

EXPEDIENTE Nº: 2020/U022/000011

ANTECEDENTES RELEVANTES:

- Con data do 31.05.2020, a interesada solicitou licenza de obra para a realización dunha edificación destinada a tanatorio-crematorio, achegando proxecto básico para a edificación e outra documentación.
- Con datas do 01.12.2020 e 02.12.2020, xuntáronse o proxecto de execución e os oficios de dirección de execución material e de coordinación, respectivamente.
- Informe técnico emitido por D^a Nuria Morgade Pouso en data 10 de febreiro de 2021.
- Informe técnico emitido por D^a Nuria Morgade Pouso en data 7 de abril de 2021.
- Informe técnico emitido polo SATM da Deputación Provincial da Coruña en data 24 de marzo de 2021.
- Documentación obrante no expediente.

NORMATIVA APLICABLE

- Revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Cee, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña na sesión do 23/02/1995 e coas correccións incorporadas segundo acordo do Pleno na sesión do 31/03/1995; na súa vixente redacción, en adiante NSPM.
- Proxecto sectorial de Parque Empresarial en Cee, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia, o día 21.11.2007. (PXS)
- Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades de apertura de establecementos, aprobada definitivamente por acordo do Pleno na sesión do 17/07/2015 e publicada no BOP núm. 150 de 10/08/2015, en adiante OMRPIA.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.



- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

DESENROLO:

A parcela destinada ao tanatorio e crematorio posúe os seguintes datos básicos:

Situación e emprazamento: parcela nº 6 do parque empresarial de Cee

Referencia catastral: 45842L8MH8548S0000ZY

Superficie catastral: 1 891 m²

As NSC/1995 constitúen un planeamento municipal non adaptado á LSG 2/2016; razón pola que, segundo a súa disposición transitoria 1ª.2.a), despois de executarse a xestión e urbanización do parque empresarial, os terreos en cuestión pertencen á clase de solo urbano consolidado e resultan cualificados mediante a ordenanza nº 2 empresarial industrial do PXS/2007.

Trátase, polo presente ACORDO INTERPRETATIVO a adoptar polo PLENO da Corporación, dilucidar, clarear e/ou interpretar a compatibilidade do uso de tanatorio/crematorio no Parque Empresarial de Cee, dada a redacción da Ordenanza 2 do Proxecto sectorial do parque empresarial de Cee (en adiante PXE) ou dito doutra maneira, se a actividade de tanatorio-crematorio, prevista no parque empresarial de Cee, como propia dun uso funerario, resulta axustada á ordenación urbanística vixente. O informe emitido polo STAM da Deputación Provincial da Coruña, de data 24 de marzo de 2021, indica:

"(...) A ordenanza nº 2 empresarial industrial do PXS/2007 regula como usos característicos os de industria, almacén e talleres; así como admite unha serie de usos compatíbeis, entre os que se inclúe o de servizos públicos.

*Ao non existir unha maior concreción deste uso no planeamento municipal, consonte o disposto pola LSG/2016 e o RSG/2016, cómpre acadirmos de forma complementaria⁶ a regulación establecida no PBA/2018. A este respecto, de acordo co anexo de definicións do RSG/2016 e a definición de usos do PBA/2018, **constatamos que no uso dotacional de servizos públicos figuran incluídos os funerarios; servizos que desenvolven as actividades de tanatorio e crematorio solicitadas.***

En canto á intensidade xeral na que se poderían materializar os referidos usos compatíbeis, o PBA/2018 non establece un límite porcentual concreto, pero considera que non deben consumir a maioría da edificabilidade prevista polo plan para os usos característicos⁷.

Non obstante, o planeamento municipal si parece limitar a intensidade de calquera uso compatíbel ao 40% do previsto en cada parcela para o uso principal; aproveitamento urbanístico que se determina, neste caso, mediante unha superficie máxima edificable de 1,15 m²c/m²s.

Así se deduciría das seguintes condicións de uso que figuran especificadas na citada ordenanza industrial:



Finalmente, no que fai relación ao necesario control urbanístico municipal, cómpre indicar que deberían seguirse sucesivamente o procedemento de licenza de obras para a edificación de uso funerario finalista, así como os de comunicación previa e declaración responsable para o inicio das actividades, mediante as autorizacións e informes sectoriais que resultan preceptivos.

Entre as referidas autorizacións e informes sectoriais cobrará singular importancia as correspondentes ás materias ambiental e sanitaria, evitando as molestias que poidan ocasionar estas actividades; en especial, mediante a adopción das oportunas medidas correctoras sobre contaminación acústica e atmosférica, así como coa dotación necesaria de prazas de aparcadoiro.

Con respecto á indicada dotación, con base na conflitiva experiencia previa obtida destas actividades noutros lugares, no suposto de que se considere insuficiente a regulación que poida aplicarse desde as NSC/1995, cabería acudir analoxicamente ao disposto no artigo 28 do PBA/2018 para cemiterios, onde se esixe un estándar mínimo de 10 prazas de aparcamento por cada 2.000 m2 de parcela e non menos dun total de 25 prazas nin inferior a 1 praza por cada 100 m2 construídos(...)

A técnica municipal, D^a Nuria Morgade Pouso, analiza no seu informe emitido o 7 de abril de 2021, dende dous puntos de vista (OPCIÓN A- interpretación de conformidade co informe técnico municipal e OPCIÓN B- interpretación de conformidade co informe emitido polo Servizo de Asistencia a Concellos da Deputación da Coruña), encadrando na opción A, o uso de crematorio coma un *Uso industrial*, e a actividade de tanatorio intégrase dentro do uso *Equipamento Privado*, literalmente:

“OPCIÓN A- interpretación de conformidade co informe técnico municipal

*No informe técnico municipal, **encádrase o uso de crematorio coma un Uso industrial, e a actividade de tanatorio intégrase dentro do uso Equipamento Privado.***

Dentro da ordenanza, exclúese expresamente o uso sanitario, salvo os servizos médicos da propia empresa. Compre aclarar en este sentido que, malia que a actividade de tanatorio comprende a realización de actividades vencelladas á sanidade mortuoria, estas non están comprendidas na definición de uso sanitario das NSPM:

“Artigo 49. Uso Sanitario

Correspóndese ese uso ós edificios e instalacións adicados ó tratamento, diagnóstico, rehabilitación, prevención e alonxamento de doentes. (...)”

Por outra banda, dentro das NORMAS GENERALES do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Cee, regula as CONDICIONES GENERALES DE USO (epígrafe 1.9.).

En particular, dentro do apartado 1.9.6., regula conxuntamente o Uso equipamiento, ocio y recreativo. Defínese o uso recreativo, o que corresponde ás actividades ligadas á vida de ocio e relación das persoas, concretamente, establece como unha das súas clases:

Salas de reunión: este uso corresponde a locais cerrados o abertos dedicados a acoger actividades de la vida social.

Cumplirán las condiciones establecidas para el uso comercial y sus instalaciones las aplicables del uso industrial.

Como se pode comprobar, a actividade de tanatorio encaixa perfectamente na definición anterior.(...)

OPCIÓN B- interpretación de conformidade co informe emitido polo Servizo de Asistencia a Concellos da Deputación da Coruña.

*De conformidade co informe emitido polo Servizo de Asistencia a Concellos da Deputación da Coruña, **a actividade de crematorio encádrase como un Uso Industrial, e a actividade de tanatorio dentro do Uso Servizos Públicos establecido na ordenanza.***



Ao non existir maior concreción deste uso no planeamento municipal, consonte o disposto na LSG e o RLSG, compre acudirmos de forma complementaria á regulación establecida no PBA. A este respecto, de acordo co anexo de definicións do RLSG e a definición de usos do PBA, conséntase que no uso dotacional de servizos públicos figuran incluídos os funerarios; servizos que desenvolven as actividades de tanatorio e crematorio solicitadas. (...)"

A Secretaría Municipal, emite informe en data 8 de abril de 2021, no que conclúe:

"(...) Tanto o informe emitido polo STAM como os emitidos pola técnica municipal, conclúen que as actividades de tanatorio e crematorio solicitadas poderían considerarse compatíbeis co uso industrial que resulta característico do parque empresarial onde se pretenden instalar, sen prexuízo das opcións que describe o informe técnico do STAM para unha maior seguridade xurídica, como exemplo, podería adoptarse polo Pleno municipal un acordo expreso sobre a interpretación aquí sustentada, con base nos informes técnicos e xurídicos preceptivos, publicación oficial e traslado á Consellería competente na materia urbanística para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A maior abastanza, e en relación a solicitude de licenza que conforma o expediente de referencia, logo de proceder ao indicado no parágrafo anterior, esta Secretaría emite informe favorable –salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros– á concesión da licenza suxeita en todo caso a todas as condicións e observacións indicadas nos informes técnicos que se mencionan no presente informe. (...)"

Á vista do exposto, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO INTERPRETATIVO**:

PRIMEIRO.- Dado que a ordenanza Nº 2 do PXS regula como usos característicos os de industria, almacén e talleres; así como admite unha serie de usos compatíbeis, entre os que se inclúe o de servizos públicos, e ao non existir unha maior concreción deste uso no planeamento municipal, consonte o disposto pola LSG/2016 e o RSG/2016, cómpre acudirmos de forma complementaria a regulación establecida no PBA/2018, deste xeito aplicando de forma complementaria ao planeamento municipal o disposto polo Plan básico autonómico sobre o uso funerario de servizos públicos, as actividades de tanatorio e crematorio solicitadas son compatíbeis co uso industrial que resulta característico do parque empresarial onde se pretenden instalar.

SEGUNDO.- Para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, en virtude dos artigos 49 da LSG e 8 do PBA, en materia de usos e con carácter xeral, será de aplicación o disposto na normativa do PBA (Decreto 83/2018, do 28 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico autonómico de Galicia). En ningún caso, o PBA poderá modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

TERCEIRO.- Proceder á publicación oficial do presente acordo interpretativo e traslado á Consellería competente na materia urbanística para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIONS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta de forma resumida o proxecto sectorial do



parque empresarial a ordenanza 2 admite como usos compatibles os servizos públicos pero non existe mais concreción de uso do planeamento municipal, se acudiu de forma complementaria o RLS de Galicia e no uso dotacional dos servizos públicos figuran os funerarios, para unha maior seguridade xurídica e atendendo o informe dos SATM da Deputación propónse o Pleno acordar expresamente dito criterio interpretativo en base os informes técnicos e xurídico que figuran na proposta e no expediente. Sr Domínguez García: a licenza de obra é un acto regrado que se da e competencia única e exclusiva da alcaldesa e se da en base a normativa e informes técnico e xurídico e non entendo este punto porque ten que vir a pleno o noso grupo non quer pronunciarse, porque é competencia do pleno sería unha MP ou unha reforma do PXOM pero neste caso estiven lendo por todos os lados e non vexo porque o pleno se ten que pronunciar por esa razón, non temos que pronunciarnos neste tema, por moito que o miremos en ningún sitio di que o Pleno se ten que pronunciar porque é unha licenza de obra competencia única e exclusiva da alcaldía.

Sra alcaldesa: volvo a reiterar que non existe unha concreción e no informe do SATM da Deputación di que para unha maior seguridade xurídica podería adoptarse un acordo expreso polo Pleno municipal, este é o motivo polo que se trae o Pleno, porque o informe técnico da deputación recomenda traelo o Pleno para acordar para maior seguridade xurídica esta interpretación non é outro motivo.

Sr Domínguez García: vexo que os informes técnicos son favorables e non entendo o de maior seguridade xurídica ou a hai ou non, non é que sexa maior ou menor.

Sra alcaldesa é porque no planeamento municipal non consta e se aplica a interpretación en base as normas do RLS de Galicia, simplemente porque no planeamento municipal non consta este uso, de forma supletoria ou complementaria o interpretan así os técnicos.

Sr Domínguez García: pero interpretan favorablemente non sei a que ven o pleno, como último recurso nos abstendremos, non é competente nin entendemos nos da interpretación esta é dos técnicos e dos xurídicos si fose unha reforma si, nos nos absteremos en último caso

Sr Vigo: esta cuestión xa foi plantexada na etapa que eu era alcalde, se consultou esta posibilidade e os técnicos xa se manifestaron de forma favorable pola alcaldía non houbo problema pero non se plantexou a licenza e non cheou o momento de outorgala, entendo que cos informe técnicos favorables e independentemente, a competencia para outorgar a licenza é a alcaldía, non ten que pronunciarse o pleno nun tema que non é da súa competencia.

Sra alcaldesa: sobre o planeamento quen interpreta o pleno ou a alcaldía?

Sr Vigo: descoñezo cal é órgano que ten que manifestarse.

Sra alcaldesa: Quen aproba o planeamento municipal?

Sr Vigo: o pleno, pero si se plantexa unha licenza no concello hai que ter os informes técnicos enriba da mesa e sobre eles o órgano é a alcaldía polo tanto pronúnciese con mais ou menos seguridade xurídica

Sra alcaldesa: reitero que o planeamento municipal é competencia do pleno e da súa interpretación considero que tamén o pleno con independencia dos informe técnicos e xurídicos, porque cando se aproba o planeamento tamén ten que haber informes favorables

Sr Domínguez Louro: nos sin estar en contra que vaia para adiante o tanatorio non temos porque votar en contra, estamos de acordo que vaia adiante, cando vin esto na orden do día o consulte cos nosos servizos xurídicos e tamen lle xurdían preguntas, algunha xa foi feita antes, está aclarada e nada mais o noso voto vai ser a abstención, porque cando hai unha dúbida deste estilo no concello de cee hai varias de tipo urbanístico non se traen a pleno nesta tampouco é preciso e nos abstemos sin ter ningún tipo de contra que non se de licenza a este tanatorio crematorio.

Sr Hermida: reitero como dixen na comisión votar a favor mirei os informes e non existe inconvinte en votar a favor

VOTACÍONS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por cinco votos a favor dos grupos políticos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

4. Proposta da Alcaldía relativa á designación de defensa e representación no PO 105/2021.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo e seguimento do PXOM o día martes 20 de abril de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

4. Proposta da Alcaldía relativa á designación de defensa e representación no PO 105/2021.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DESIGNACIÓN DE DEFENSA E REPRESENTACIÓN NO PO 105/2021.

EXPEDIENTE Nº 2020/X999/000123.

Visto o Oficio remitido a esta administración polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 da Coruña, con NRE 916/2021 de 14 de abril, en relación co procedemento ordinario Nº 105/2021 relativo a interposición de recurso contencioso administrativo polo ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA contra o Acordo aprobado en data 29 de xaneiro de 2021 polo Pleno do Concello de Cee que acorda declarar a nulidade do convenio urbanístico aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 30 de maio de 2002 e asinado en data 10 de xuño de 2002 co Arzobispado de Santiago. Requírese polo Xulgado a remisión do expediente administrativo no prazo de vinte días coa incorporación das notificacións para emprazamentos efectuadas, segundo o disposto no artigo 49 da LXCA.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Que o concello se persoe no procedemento referido perante o devandito Xulgado, exercitando a súa defensa e representación por medio de calquera letrado asesor xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.- Que se dea cumprimento ao requirido polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2 da Coruña e se lle remita copia do expediente interesado debidamente foliado e autenticado, conforme ao disposto no artigo 48.4 da Lei 29/1998 de 13 de xullo.

TERCEIRO.- Emprazar no prazo de cinco días a todos os que figuren como interesados no expediente se é o caso, a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA, a fin de que se poidan persoar como demandado nos autos de referencia, no prazo de nove días dende a recepción da presente, podendo conferir a súa representación a un procurador, ou ben a un avogado no caso de ser tratar dun órgano xudicial unipersonal, e debendo seren asistidos en todo caso por letrado (art. 23 Lei 29/1998 de 13 de xullo).

CUARTO.- Darlle traslado da presente resolución ao Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 da Coruña, e a Asesoría Xurídica da Excma. Deputación e aos que aparezan como interesados no devandito expediente para os efectos do emprazamento preceptivo.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención do grupo municipal BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta é para personarse no procedemento do recurso contencioso interposto polo arzobispado e designar os servizos xurídicos da deputación.

Sr Domínguez García: xa foi discutido e votar a favor para defendernos pero penso que se puido resolver sin chegar a esto.

Sr Vigo: compartimos a idea que se puido utilizar mais a diplomacia sin necesidade de chegar a xustiza pero está claro que somos representantes do concello e temos que defendernos

Sra alcaldesa: miren non vou a entrar porque xa se debatiu en comisións e plenos, por parte do goberno e da alcaldía fíxose con toda a diplomacia posible, para poder acadar un acordo, pero ese acordo que podría ser facendo un novo convenio se negaba o arzobispado porque quería cobrar o aval de 153.000 euros e non vou darlle mais voltas

Sr Domínguez Louro: eu tampouco vou repetir o que se falou nas comisións e plenos, dixemos que para o Bng é mellor un mal arranxo que un bo pleito e seguimos mantendo que habería que falar con eles e sentarse, presente toda a Corporación ou os portavoces e darlle a este problema un carácter unánime e si había que ir a pleito ir todos a unha, as circunstancias foron as que foron e agora hai que defenderse, da mellor maneira posible si a proposta é esta o BNG vai estar a favor de defendernos, naquel momento solicitamos que era ben tomar medidas contra a Igrexa e seguimos mantendo en calquer caso o noso voto é favorable

Sra alcaldesa: o tema de mais vale un mal arreglo que un bo pleito é un dito que sempre e reincide de forma populista moitas veces, cando temos un informe técnico e un informe xurídico que mantén que é nulo, hai que partir desa nulidade, non se pode negociar sobre un convenio que ten informes técnicos e xurídicos e Ditame do CCGa que confirma a nulidade do mesmo, a única solución foi a que se propuxo o arzobispado na reunión mantida en Santiago, de subscribir un novo convenio que se negaron porque implicaba o non poder executar o aval e quedar cos 153000 euros, ese é o motivo principal e volvemos reiterar temos que defender os intereses do concello e partir de que tendo un convenio nulo salvo que a xustiza diga que non é nulo, o goberno e corporación en si debe partir da nulidade do mesmo porque senón poderíamos estar o mellor cometendo algún tipo de delito.

Sr Domínguez Louro: sin pretender alargar non son home de fe nin no que non vexo, para darlle a razón o que Vde di so tiña que colaborar con nos ou pedirnos que colaboráramos dende o minuto 1 e poderíamos chegar o mesmo sitio ou non pero si nos fixera participes o mellor hoxe non estabamos discutindo esto votamos e demais Vde insiste e eu reitero tamén o do mal pleito e mal arranxo, é un dito popular non populista, non estamos de acordo e adiante.

Sra alcaldesa: a veces é populista porque non se pode chegar a un acordo partindo das pretensións da parte contraria cando temos informes que din que é nulo e posteriormente o CCGa, dixo que estaba moi segura do que estaba facendo, podo equivocarme, pero esto foi moi estudado e poderei equivocarme pero foi moi estudado a fondo de aí que o CCGA manteña o criterio dos técnicos do concello.

Sr Domínguez Louro: non entro a discutir eso, quero pensar que si, pero reitero o que dixen antes si nos fixera participes o mellor non estabamos falando desto en calquer acaso estamos no punto no que estamos e non hai marcha atrás, hai que defenderse, con uñas e dentes, o BNG vai votar a favor.

Sra alcaldesa: foron participes dende o momento un, dende o momento que teño coñecemento convoquei a comisión cos informes correspondentes e reuníme cos portavoces na alcaldía para explicar a situación.



Sr Domínguez Louro: deunos catro días para chegar o pleno non pode dicir que nos tuvo informados
Sr Hermida: votar a favor que loxicamente hai que defender o Concello

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

5. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do POS+2021. EXPEDIENTE: 2021/X999/000024. EXPEDIENTE RELACIONADO:2020/X999/000244

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día martes 20 de abril de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do POS+2021. EXPEDIENTE: 2021/X999/000024. EXPEDIENTE RELACIONADO:2020/X999/000244

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2021”

EXPEDIENTE: 2021/X999/000024

EXPEDIENTE RELACIONADO:2020/X999/000244

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que o Pleno da Corporación, na sesión realizada o día 29 de xaneiro de 2021, adoptou o acordo de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2021” da Deputación Provincial da Coruña, e aprobar o Plan complementario do ano 2021, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles, entre os que figuran o investimento seguinte:

“RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA cun orzamento de 105.609,70 euros.

Vista a autorización remitida a este Concello, pola Dirección Xeral do Patrimonio, para a realización da devandita obra, compróbase que figuran unha serie de condicións que debe cumprir o proxecto, para o cal se solicita informe ao autor do Proxecto indicando este, que é necesario a realización dun novo proxecto que recolla todos os condicionantes que figuran na autorización de Patrimonio.

En consecuencia redáctase un novo proxecto:

“RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA cun orzamento de 130,663,33 euros.

Consultado con Plans Provinciais da Deputación, e dado que este organismo inda non levou a cabo á aprobación do dito Plan, conforme as instrucións dadas polo Departamento referido, a saber, proceder a aprobación dun novo Anexo I cos mesmos datos co remitido no seu día incluíndo o cambio en relación a dita obra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Á vista do exposto, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a aprobación da seguinte **ACORDO**:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	198.841,19 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
ABASTECIMENTO EN A PEREIRIÑA. FASE II	102000,01€	0	102000,01 €
MELLORA DO NÚCLEO DE PORCAR (LIRES)	102157,39€	0	102157,39 €
PAVIMENTACIÓN EN MORANCELLE	9214,45€	25946,34€	35160,79€
Subtotal investimentos achega provincial 2020	213371,85€	25946,34€	239318,19€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.



D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	198841,19€		198841,19€
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	213371,85€	25946,34€	239318,19€
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021	198841,19€		198841,19€
	Achega 2020	213371,85€	25946,34€	239318,19€
	Préstamo 2021			
	TOTAL	412213,04€	25946,34€	438159,38€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA	130663,33€
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS DE ESCABANAS A PONTE DA GROBA	77447,68€
PAVIMENTACIÓN RAMAL CHAFARIS E VILAR DE TOBA A ASPADEX	33331,49€



PAVIMENTACIÓN EN CHAFARIS E RAMAL ASPADEX	45345,00€
TOTAIS	286787,50€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Cee, na data da súa sinatura dixital

A alcaldesa

Margarita Lamela Louzán

Asinado dixitalmente."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: coñecen a proposta simplemente con relación o proxecto da Rúa Magdalena por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural puxo unha serie de condicionantes entre eles a canalización subterránea do cableado, tivo que modificarse o proxecto e tráese de novo a pleno.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

6. Proposta da Alcaldía relativa á DECLARACIÓN DE COSTA DA MORTE COMO RESERVA LOCAL DE SURF. EXPEDIENTE Nº: 2021/G012/000021

Considerando o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2021/G010/000007

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 26 de abril de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa á DECLARACIÓN DE COSTA DA MORTE COMO RESERVA LOCAL DE SURF. EXPEDIENTE Nº: 2021/G012/000021

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DECLARACIÓN DE COSTA DA MORTE COMO RESERVA LOCAL DE SURF.
EXPEDIENTE Nº: 2021/G012/000021

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, recibida neste Concello comunicación de Turismo Deputación da Coruña, no cal solicita que se proceda por este Pleno da Corporación a Declaración de referencia.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Declaración de protección das ondas e o espazo litoral, e do recoñecemento do surf como ferramenta de desenvolvemento sustentable

A declaración da Reserva Local de Surf materialízase no presente documento, que recoñece que, para que os concellos poidan conformarse como Reserva Local de Surf de Costa da Morte (RLS) as ondas serán un valor a protexer, e unha ferramenta para acadar o desenvolvemento económico sostible arredor do surf.

É por iso que os concellos de A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Muxía e Vimianzo, manifestan:

1. O seu **COMPROMISO** por velar pola identidade ecolóxica e natural de carácter medioambiental do territorio, a través da protección das ondas e os ecosistemas das praias.
 2. O **RECOÑECEMENTO** do valor das rompentes de surf, e o seu compromiso por velar de forma activa pola súa protección.
- O concello comprométese a observar, valorar e avaliar calquera actuación que se desenvolva e que poda afectar ás ondas e rompentes de surf do seu espazo litoral, co fin de ver a posible afectación ás mesmas de calquera actuación que se leve a cabo.
3. A utilización do surf como **FERRAMENTA** para acadar o desenvolvemento sostible dos concellos de costa que conforman Costa da Morte nos seguintes parámetros:

- Medioambiental: co compromiso local de protección, conservación das ondas e os ecosistemas.
- Socio-cultural: valorizando e ampliando a cultura do surf no territorio.
- Económica: desenvolvendo o surf como fonte de xeración de emprego e de crecemento económico sostíbel.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sómétese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 4 votos a favor dos grupos políticos municipais PSOE e PP e 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sra alcaldesa: coñecen a proposta.
Non se producen intervencións

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

- 7. Proposta da alcaldía relativa á desestimación solicitude de reequilibrio económico e compensación económica na contratación (xestión interesada) servizo público de piscina municipal e outras actividades deportivas. EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000004.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 26 de abril de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa á desestimación solicitude de reequilibrio económico e compensación económica na contratación (xestión interesada) servizo público de piscina municipal e outras actividades deportivas. EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000004.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DESESTIMACIÓN SOLICITUDE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO E COMPENSACIÓN ECONÓMICA NA CONTRATACIÓN (XESTIÓN INTERESADA) SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000004

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o escrito presentado o 11 de xaneiro de 2020, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, no cal SOLICITA:

“Que, con obxecto de restablecer o equilibrio económico contractual, se recoñeza o dereito de VIRAXES SL a percibir unha compensación de CENTO DOUS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA E UN EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS (102.251,46 €) en concepto da liquidación económica do segundo ano de explotación do Contrato de prestación do servizo público de piscina cuberta municipal e outras actividades deportivas do Concello de Cee. A devandita cantidade resulta da suma da cantidade de OITENTA MIL EUROS (80.000.- €) establecida no apartado terceiro da cláusula 16ª das cláusulas administrativas particulares do contrato e a cantidade de VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON COARENA E SEIS CÉNTIMOS (22.251,46 €) en concepto de compensación extraordinaria que ven a ser a diferenza entre o importe da liquidación negativa e a citade cantidade de 80.000 €.”

Considerando o informe conxunto emitido pola Secretaría e Interventora municipais, do seguinte tenor literal:



“ASUNTO: SOLICITUDE DE REEQUILIBRIO ECONÓMICO NA CONTRATACIÓN (XESTIÓN INTERESADA) SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

EXPEDIENTE: 2017/C004/000004

ANTECEDENTES DE RELEVANCIA

1. Escrito presentado o 11 de xaneiro de 2020, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL , no cal SOLICITA:

“Que, con obxecto de restablecer o equilibrio económico contractual, se recoñeza o dereito de VIRAXES SL a percibir unha compensación de CENTO DOUS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA E UN EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS (102.251,46 €) en concepto da liquidación económica do segundo ano de explotación do Contrato de prestación do servizo público de piscina cuberta municipal e outras actividades deportivas do Concello de Cee. A devandita cantidade resulta da suma da cantidade de OITENTA MIL EUROS (80.000.- €) establecida no apartado terceiro da cláusula 16ª das cláusulas administrativas particulares do contrato e a cantidade de VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS (22.251,46 €) en concepto de compensación extraordinaria que ven a ser a diferenza entre o importe da liquidación negativa e a citade cantidade de 80.000 €.”

2. Informes do responsable do servizo
3. Informe de RRHH
4. Informe de intervención
5. Acordo plenario de compensación dos gastos da piscina (liquidación do segundo ano) por importe de 80.000€

LEXISLACIÓN

- Texto Refundido de la ley de Contratos do sector público 3/2017
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID -19, (BOE núm. 67 do 14 de marzo) e a súa modificación operada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo (BOE núm. 73 do 18 de marzo), a súa primeira prórroga, aprobada polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo,(BOE núm. 86 do 28 de marzo de 2020), a súa segunda prórroga aprobada polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, (BOE núm. 101 do 11 de abril) e a súa terceira prórroga aprobada polo Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, (BOE núm. 115 do 25 de abril).

CUESTIÓN PRELIMINAR

Como cuestión preliminar sinalar que a relación que vincula o Concello de Cee con VIRAXES SL, procede dun contrato de xestión interesada do servizo de piscina municipal e outras actividades deportivas do concello de Cee, asinado o 10 de outubro do 2018, cunha duración de 6 anos sendo susceptible de prórroga por tres anos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Visto o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID -19, (BOE núm. 67 do 14 de marzo) e a súa modificación operada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo (BOE núm. 73 do 18 de marzo), a súa primeira prórroga, aprobada polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo,(BOE núm. 86 do 28 de marzo de 2020), a súa segunda prórroga aprobada polo Real Decreto 487/2020, de 10 de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



abril, (BOE núm. 101 do 11 de abril) e a súa terceira prórroga aprobada polo Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, (BOE núm. 115 do 25 de abril).

Visto o disposto no *Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19* (BOE núm. 73 do 18 de marzo), modificado polo *Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19*, máis en concreto no seu artigo 34, baixo o epígrafe *Medidas en materia de contratación pública para paliar las consecuencias del COVID-19*.

Consta no expediente suspensión do contrato administrativo asinado entre o Concello de Cee e VIRAXES SL como consecuencia das medidas preventivas fronte o Coronavirus.

Vistos que o artigo 34 do RDL 8/2020 do 17 de marzo de medias urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico e social reza :

“

Cuando con arreglo a lo dispuesto en el párrafo anterior, la ejecución de un contrato público quedará totalmente en suspenso, la entidad adjudicadora deberá abonar al contratista los daños y perjuicios efectivamente sufridos por éste durante el periodo de suspensión, previa solicitud y acreditación fehaciente de su realidad, efectividad y cuantía por el contratista. Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º *Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.*

2.º *Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.*

3.º *Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.*

4.º *Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.*

....”

Á vista do estados de gastos e ingresos tidos en conta na liquidación da segunda anualidade do contrato, a saber:

CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE XUSTIFICADO
APROVISIONAMENTO	3.589,15	3.589,15
PERSOAL	178.021,50	177.790,29
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	80.168,71€	79.868,19
AMORTIZACIÓN INMOVILIZADO	15.305,34	15.305,34
GASTOS FINANCIEROS	3.001,63€	2.082,44
TOTAL	280.086,33	278.635,41



Vistos que dada a natureza do contrato os gastos indemnizables segundo o artigo citado foron tidos en conta para a determinación da compensación a favor do contratista que xa foi obxecto de recoñecemento non podendo ser tidos en conta neste momento coa mesma finalidade e ante imposibilidade de determinar o alcance do efectos do COVID19 e as súas manifestacións (suspensión da actividade, minoración de ingresos, usuarios etc) nas perdas do concesionario as informantes consideran:

- Que non procede compensación económica a favor de VIRAXES SL nos termos solicitados polo interesado.
- Que non procede o reequilibrio económico tal e como se prevé na solicitude de VIRAXES SL sendo a natureza alegada circunstancial e temporal e que non debe afectar a toda a duración do contrato.

Á vista de todo o exposto, estas informantes **CONCLUÉN**:

Primeiro.- Desestimar a solicitude do interesado de reequilibrio económico do contrato.

Segundo. Informar que non procede a indemnización polos gastos aludidos xa que foron tidos en conta na liquidación do segundo ano de execución do presente contrato, sen prexuízo de outras formas de compensación que se poidan determinar a solicitude do interesado e que o órgano competente considere adecuadas dentro da lexislación de aplicación.

Asinan dixitalmente:

A Secretaria Municipal, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

A Interventora Municipal, ROSA M^a FERNÁNDEZ CANOSA.

[DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE]"

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de reequilibrio económico do contrato (Xestión Interesada do Servizo Público da Piscina Municipal e outras actividades deportivas), presentada por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL en data 11 de xaneiro de 2020 tal e como se prevé na mesma, sendo a natureza alegada circunstancial e temporal e que non debe afectar a toda a duración do contrato, de conformidade co Informe transcrito na parte Expositiva da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Desestimar a compensación económica de 22.251,46 € nos termos solicitados dado que os gastos aludidos (incluídos no artigo 34 do RDL 8/2020 do 17 de marzo de medias urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico e social) xa que foron tidos en conta na liquidación do segundo ano de execución do presente contrato (aprobada dita compensación no Pleno 16 de marzo de 2021), sen prexuízo de outras formas de compensación que se poidan determinar a solicitude do interesado e que o órgano competente considere adecuadas dentro da lexislación de aplicación.

TERCEIRO.- Notificar o persente acordo ao interesado co indicación expresa de que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata



que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos municipais PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta é desestimar a solicitude de equilibrio económico do contrato e desestimar a compensación económica de 22.251,46 € que reclamada Viraxes dado que xa foron tidos en conta eses gastos na compensación do segundo ano do contrato conforme o informe xurídico da Secretaría e Intervención que consta no expediente e na proposta

Sr Domínguez García: no prego no pouco que vin, pódese compensar cun máximo de 80.000 creo que non procede que solicite o reequilibrio financeiro pero inda que fora o caso, co problema que tivemos segun informe de intervención non podemos saber exactamente os gastos que houbo, cousa que dudo, para o próximo ano cando pase outra vez non o reequilibrio senón a cantidade que lle corresponda ata máximo 80.000, conocer os gastos porque teñen que ser ordinarios e si é extraordinario ten que concello o concello antes de executar o gasto, espero que o próximo ano cando veñan as contas da piscina que sepamos exactamente cales foron os gastos e a ser posible os ingresos tamén para que non teñamos esa duda e teñamos que aprobar facendo un acto de fe como esta vez.

Sra alcaldesa: a empresa xa foi requerida en que ten que presentar unha contabilidade separada e concreta da piscina de Cee e para realizar calquera gasto extraordinario ten que poñelo en coñecemento o concello a través do técnico de deportes e así se fixo.

Sr Domínguez Louro: xa dixemos que cando tratamos a compensación manifestei que os gastos da empresa eran desorbitados para situación de pandemia que estabamos, eso leva o punto de arranque de todo isto, esta forma de xestión indirecta non é a mellor para xestionar a piscina, insistiremos en que a xestión directa e mancomunada é a única saída para que a piscina non sexa un cargo económico importante para o concello de cee, 80.000 euros anuais son moitos para esta instalación, en canto a que a empresa veña a pedir eses 20 e tantos mil euros mais parecemos roza o esperpento, non nos queda mais remedio que votar a favor, sempre nos abstiñamos no tema da piscina para non obstaculizar a opinión maioritaria pero neste caso esto é como no anterior punto, temos que defendernos ante o intento de mingonearnos desta maneira, me parece un abuso y ogalla reconsiderare a súa maneira de proceder e que xestionando a piscina ten que facer o posible para que o rendemento económico sexa mellor si se deixa ir e o único que busca é a indemnización máxima mal imos e bueno polo menos que non vaia maia dos 80.000 euros para que dentro dun ano non esteamos asi outra vez.

Sra alcaldesa: unha soa reflexión, nunha situación coma este ano si tiveramos xestión directa teríamos os traballadores do concello que non poderían ir a un erte, o mantemento da piscina, sabe a canto podería ascender ese custe para o concello e para as arcas municipais, tendo contratado todo o



Exp. 2021/G010/000007

persoal polo concello tendo que pagar o salario e o mantemento de toda piscina cos gastos que conleva, lle pode asegurar que é unha cantidade moi superior os 80.000 pero moitísimo non podería aguantar economicamente o concello, deixo aí.

Sr Domínguez Louro: claro Vde fala pois coma un acto de fe tamén, non fixo eses cálculos, a min parece que Vde fixo a conta algunha vez da cantidade de diñeiro que podería xerar a piscina si se xestionase dunha maneira para sacar un rendemento óptimo para que fose sustentable economicamente por si soa? a pregunta que me fixo volvoa doutra maneira, di que sería insostible, 80.000 euros, podemos estar intercambiando opinións e non chegar a un acordo.

Sra alcaldesa: algunha piscina de Concello con mais movemento económico que Cee e mais usuarios, ten un déficit superior os 300.000 euros, é mais están estudiando o caso de Cee.

Sr Domínguez Louro: entón temos dúas conclusións, quen a xestiona non o xestiona ben porque coñezo casos de piscinas mais grandes que son practicamente sustentables economicamente, por outro lado que estudei o caso de Cee o que crean oportuno, creo que a conclusión é facil de sacar para cada quen.

Sr Domínguez García: solo decir si me permite que dende o ao 2006 o ano 2016 en plena crisis non so non costaba nada o concello senon que recibia 12000 euros cada ano.

Sra alcaldesa: pero se modificou a lei en canto as concesións, pode explicarlle o Sr Vigo, non pode ser concesión pagando un canon.

Sr Domínguez García: aínda que non cobramos 12.000 pero non pagar 80000.

Sra alcaldesa: nin se presentaría ningunha empresa cunha concesión sin cobrar nada.

Sr Vigo: quero suliñar algo sobre este tema, do tema de fondo, en todas as intervencións respecto o tema da piscina se fala sempre do mesmo, do que pudo ser e non foi, e que non podía ser, non hai piscina en Galicia que estea xestionada de xeito externalizada que non teña coste engadido para o concello sexa a formula que sexa, ca nosa ou con outra, non hai ningunha en esa situación e as que xestionan os concellos non son mais baratas, o digo porque mirei moito, estudei moito esa situación e a nosa precisamente é a mais barata de todas as que estan nesa situación nos concellos digamos que se poderían asimilar a nos, esa é a realidade despois según politicamente pretenda que a xestión sexa pública que non se externalice esa é unha idea de cada un o que pasa é que a realidade amosa que despois os grupos políticos apostan pola non externalización, acaban externalizado e mantendo as externalizacións que hai, esa é a realidade o resto podemos debatir do divino e do humano pero é así.

Sr Domínguez Louro: moi rápido, na área de Vigo, Gondomar, Nigrán e Baiona comparten a xestión mancomunada dunha piscina, entre todos suman mais de 40.000 habitantes, non se permiten a pesares de que cada un supera os 10000 habitantes, non se permiten o luxo de ter una piscina e asumila por si so, é un servizo, que non obrigados a dar pero está aí pero non ten sentido asumir dende Cee ese gasto cando o servizo é mancomunado, mellor dito de toda a comarca, é aí onde quero chegar, non digo que non poda haber un gasto, evidentemente hai que intentar facela sustentable economicamente e senon chegarmos compartir gasto. Como xa faleremos agora co gallo da Abau, esto é igual dar pasos cara aí é a única maneira de sustentar este servizo e outros dos que podemos falar: lixo, policías locais etc.

Sr Vigo: decirlle o Sr Domínguez Louro que nin Vde nin eu pretendo ser oposición de oposición porque sería cuestión ridícula e non estamos nesa teima pero eu concordo perfectamente de que mancomunar o servizo e facerlo extensible os concellos que se benefician do servizo e que a día de hoxe non hai forma de cargar a eses usuarios deses concellos porque a lei non o permite salvo que se mancomune, pero Vde sabe que é membro da mancomunidade, de que non está pola labor a mancomunidade montouse para a auga e quedouse aí e todo o resto digamos que non hai un

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



rexeitamento manifesto pero si un mirar para outro lado, e a mancomunidade de Fisterra non existe como tal mancomunidade non ten vocación de xestionar servizos en común e abaratar custes, aínda que o que plantexa me parece correcto.

Sr Domínguez Louro: teremos que intentar cambialo non dar por feito que é normal, pode coincidir con Vde que a mancomunidade non existe ou existe de maneira virtual e agora mesmo estamos no momento peor seguramente, sin saber como foron outros, neste momento é un desastre nin tan sequera o da auga o estamos xestionando temos a espada de damocles enriba co tema da auga xa non falo da residual e como se está contaminando a ría de Corcubión, falo da potable, calquera día podemos quedar sin auga en Fisterra, Cee e Corcubión porque se deu aviso fai tempo que as bombas do Ezaro non están en condicións e non facemos nada por remedialo, vai explotarnos todo na man e o final botaremos as mans a cabeza e que pasou aquí, dandolle a razón non podemos darnos por vencidos, temos que ganar esta batalla como sexa, non ten ningún sentido, queda lonxe o da mancomunidade, que sirva para o que ten que servir, para que dea mais servizos, queda lonxe e mais quedará si nin se convoca para poder seguir andando en que vamos solucionar o tema dos estatutos que estamos estancados aí, non sabemos si valen para lo que se quiere gestionar o no é un desastre, pero temos que decilo así, e sobre todo, polo que acabo de comentar antes, e a Sra alcaldesa creo que estaba na reunión onde membros puxeron este problema enriba da mesa, que non é o mais grave, pq non dudo que o mais grave é que a ría estea contaminada pero o mais grave despois pode ser que quedemos toda a poboación sin auga, menos núcleos que teñen, por ter en Cee non temos nin tan siquiera un depósito de auga que nos sirva para ter un ou dous días de marxe, por si hai un problema, non podemos deixarnos vencer por iso.

Sra alcaldesa: con relación a auga, si nos preocupamos hai un proxecto que está na Deputación hai unha subvención que se vai dar a coñecer bastante considerable para ese problema que se refire, si hai unha preocupación cun proxecto e vai ser inminente a comunicación dunha subvención de mais de 300.000 euros para acometer esa obra, eso non quita que deberiamos ter en Cee un depósito de cola, seguro que se plantexou que tiña que estar pola zona do cemiterio por San Paio de Refoxos.

Sr Domínguez Louro: alégrame que sexa así pero fíxese que ten que contarmo nun pleno do concello de Cee

Sra alcaldesa: en eso estou de acordo, sabe que coincido plenamente con Vde que a mancomunidade non funciona como tiña que funcionar, xa o temos dito, o problema está que Fisterra non ten Secretario nin Interventor, non lle da a documentación aa, Muxia non pode facerse cargo da presidencia e estamos así, fatal pero a situación é a que é e o seguinte creo que enfoca a Cee, e xa a poñeremos as pilas.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 10 votos a favor dos grupos políticos PSOE, PP, BNG e Grupo Mixto e 3 abstencións do grupo político IXCee.

- 8. Proposta da Alcaldía relativa á Incoación do procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona Elena Torices López relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000153**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Concesións Administrativas o día luns 26 de abril de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da Alcaldía relativa á Incoación do procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona [REDACTED] relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000153.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Incoación do procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona [REDACTED] relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos

EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000153

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente tramitado ao efecto e o seguinte informe emitido pola Secretaria Municipal e Interventora Municipal, que literalmente di:

“(…) ANTECEDENTES

1. Contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona [REDACTED] relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.
2. Informe da Tesoureira Municipal emitido en data 15 de abril de 2021.

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

— Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (En adelante TRLCAP)

— O artigo 109 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

— O Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local.

— Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos da Vila de CEE.

— Prego de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediatne subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003.

— Contrato Administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004.

Producida a entrada en vigor da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, a súa Disposición transitoria primeira establece que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, rexeranse en canto á súa extinción, entre outros aspectos, pola normativa anterior. Agora ben, para a determinación da lei aplicable ao procedemento de resolución, debemos remitirnos ao momento de incoación do procedemento, data na que está vixente o TRLCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a concesión administrativa tanto o uso privativo que determine a ocupación con obras ou instalacións fixas dos bens de dominio público como o seu uso anormal, conforme ao disposto no artigo 78.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.



SEGUNDO. Conforme dispón o artigo 75 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a utilización dos bens de dominio público pode adoptar as modalidades seguintes,

— Uso común, o correspondente por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso duns non impida o dos demais interesados, e estimarase:

a) Xeral, cando non concorran circunstancias singulares.

b) Especial, si concorresen circunstancias deste carácter polo perigo, intensidade do uso ou calquera outra semellante.

— Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados.

— Uso normal, o que for conforme co destino principal do dominio público a que afecte.

— Uso anormal, si non for conforme con devandito destino.

TERCEIRO. De conformidade co artigo 78.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, as concesións outorgaranse previa licitación, con arranxo aos artigos seguintes do citado decreto e á normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

CUARTO. En toda concesión sobre bens de dominio público fixaranse as cláusulas con arranxo ás cales se outorgar, e sen prexuízo das que se xulgaren convenientes, constarán estas:

a) Obxecto da concesión e límites a que se estender.

b) Obras e instalacións que, no seu caso, houber de realizar o interesado.

c) Prazo da utilización, que terá carácter improrrogable, sen prexuízo do disposto na normativa especial.

d) Deberes e facultades do concesionario en relación coa Corporación e as que esta contraese.

e) Si mediante a utilización houberen de prestarse servizos privados destinados ao público tarifables, as que houberen de rexelos, con descomposición dos seus factores constitutivos, como base de futuras revisións.

f) Si outorgar subvención, clase e contía da mesma, prazos e formas da súa entrega ao interesado.

g) Canon que houber de satisfacer á Entidade Local, que terá o carácter de taxa, e comportará o deber do concesionario ou autorizado de abonar o importe dos danos e prexuízos que se causaren aos mesmos bens ou ao uso xeral ou servizo ao que estiveren destinados.

h) Obrigación de manter en bo estado a porción do dominio utilizado e, no seu caso, as obras que construír.

i) Reversión ou non das obras e instalacións ao termo do prazo.

j) Facultade da Corporación de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, si xustificáreno circunstancias sobrevindas de interese público, mediante resarcimiento dos danos que se causaren, ou sen el cando non proceder.

k) Outorgamento da concesión, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

l) Sancións en caso de infracción leve, grave ou moi grave dos seus deberes polo interesado.

m) Obrigación do concesionario de abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición da Administración, dentro do prazo, os bens de obxecto da utilización e o recoñecemento da potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.

QUINTO. Causas de Resolución contractual.

Dispón o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

“Causas de resolución:

Son causas de resolución del contrato:

(...)

G) El incumplimiento de las restantes obligaciones contractuales esenciales.



H) Aquellas que se establezcan expresamente en el contrato.

I) Las que se señalen específicamente para cada categoría de contrato en el articulado de esta Ley.”

O Artigo 167 literalmente di:

“Causas de resolución. Son causas de resolución del contrato de gestión de servicios públicos, además de las señaladas en el artículo 111, con la excepción de sus letras e) y f), las siguientes:

- a) La demora superior a seis meses por parte de la Administración en la entrega al contratista de la contraprestación o de los medios auxiliares a que se obligó según el contrato.
- b) El rescate del servicio por la Administración.
- c) La supresión del servicio por razones de interés público.
- d) La imposibilidad de la explotación del servicio como consecuencia de acuerdos adoptados por la Administración con posterioridad al contrato.”

SEXTO. Obrigas contractuais.

O artigo 161 do TRLCAP adicado as obrigacións xerais, literalmente di:

“El contratista estará sujeto al cumplimiento de las siguientes obligaciones con carácter general:

- a) Prestar el servicio con la continuidad convenida y garantizar a los particulares el derecho a utilizarlo en las condiciones que hayan sido establecidas y mediante el abono, en su caso, de la contraprestación económica comprendida en las tarifas aprobadas.
- b) Cuidar del buen orden del servicio, pudiendo dictar las oportunas instrucciones, sin perjuicio de los poderes de policía a los que se refiere el artículo 155.
- c) Indemnizar los daños que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera el desarrollo del servicio, excepto cuando el daño sea producido por causas imputables a la Administración.
- d) Respetar el principio de no discriminación por razón de nacionalidad, respecto de las empresas de Estados miembros de la Comunidad Europea o signatarios del Acuerdo sobre Contratación Pública de la Organización Mundial del Comercio, en los contratos de suministro consecuencia del de gestión de servicios públicos.”

Cabe sinalar que o cumprimento é a maneira de remate normal dos contratos en xeral (artigo 110 TRLCAP), e dos contratos de concesión administrativa, en particular, ao implicar a plena satisfacción da necesidade administrativa perseguida pola Administración e, en definitiva, a consecuencia do obxecto perseguido co instrumento contractual.

O Prego de de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediante subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003 na cláusula 4 como obrigacións do concesionario, entre outras, establece:

“ __ Satisfacer o canon nos termos previstos na correspondente Ordenanza fiscal reguladora e demais exencións que correspondan.

__ Cumplir a normativa de funcionamento e demais normativa reguladora do Mercado.

__ Cumplir as demais obrigas que resulten do Regulamento regulador do Mercado de Abastos da Vila de Cee na medida que resulte aplicable e outras regulamentacións sectoriais, así como cumprir as obrigas que resulten dos Regulamentos e Ordenanzas que dicte con posterioridade o Concello de Cee en uso da súa postestade normativa. (...)”

A Cláusula 11 do referido prego indica:

“La concesión se extingue por las siguientes causas:

(...)”

__ Resolución por incumplimiento de las obligaciones contractuales con arreglo a la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.”



O contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004, na cláusula 3 establece:

“O prazo de concesión iníciase a partir da notificación do acorda da adxudicación, e o canon mensual a pagar, estará fixado pola correspondente Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de Servicos do Novo Mercado de Abastos da Vila de CEE.”

SÉTIMO. Incumprimentos do concesionario.

Consta informe emitido pola Tesoureira do Concello en data 15 de abril de 2021, co seguinte tenor literal:

“MARIA ANGELINA BLANCO RIAL, *Tesoureira del Ayuntamiento de CEE, en la provincia de La Coruña.*

INFORMA: Que según os datos obrantes nesta Tesoureria ao meu cargo, resulta que:

DONA [REDACTED], con DNI [REDACTED], TEN pendente as seguintes débedas do Posto número 30 tipo E do Mercado de Abastos.

1º Semestre 2019..... 275,41€

2º Semestre 2019..... 268,23€

1º Semestre 2020..... 256,17€

2º semestre 2020.....252,79€.”

NOVENO.- Procedementos a seguir para a resolución contractual.

Son catro os procedementos que deben tramitarse: resolución do contrato, indemnización de danos e prexuízos, liquidación e, no seu caso, o de declaración de prohibición para contratar.

1. Resolución Contractual.

É de aplicación o art. 109 do RXCAP, que declara *ex lege* de urxencia o procedemento, xa transcrito.

O órgano competente para resolver e incoar é o Pleno, que deberá designar un instrutor encargado de impulsar o procedemento e formular unha proposta de resolución.

Deste modo, esquematicamente, a orde dos trámites sería a seguinte:

Acordo plenario de incoación do procedemento e de designación do instrutor, acompañado de informe de Secretaría.

Realización de oficio dos actos de instrución que se consideren precisos (informes sobre o estado das instalacións, xurídico e financeiro etc)

Informe do Servizo Xurídico do Concello e da Intervención

Audiencia ao avalista (de ser o caso) e ao concesionario (10 días)

Proposta de resolución

Remisión ao Consello Consultivo

Resolución motivada e con pronunciamento expreso sobre a liquidación da garantía

2. Indemnización de danos e prexuízos

O Consello Consultivo recoñece expresamente a posibilidade de que este procedemento se tramite conxuntamente co de resolución (vid. Ditame 2347/2001, de 13 de setembro).

3. Liquidación do contrato

Numerosos ditames do Consello de Estado declararan que a indemnización que deba satisfacer o contratista pode compensarse co saldo resultante da liquidación de modo que ambos os dous procedementos poden tramitarse conxuntamente co de resolución (ditames 2879/2002, de 24 de outubro e 2509/2004, de 25 de novembro).

4. Declaración da prohibición para contratar

O art. 20 TRLCAP supedita a imposición desta declaración á “resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración”.

DÉCIMO.- En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da garantía constituída a cal consta no expediente que o concesionario efectuou en data 9 de decembro de 2003 o mandamento de ingreso Nº 700 pola cantidade de 120,46 euros como fianza definitiva depositada pola adxudicación do posto, ante os incumprimentos contractuais referidos debe



proponerse a súa incautación previa audiencia do concesionario e todo sen perxuício das indemnizacións por danos e pérdidas que poideran derivarse logo da instrucción.

CONCLUSIÓN:

Considerando que en base a todo o exposto anteriormente e, sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, procede a incoación do procedemento de resolución contractual do contrato administrativo da concesión administrativa do posto 30 Tipo E do Mercado de Abastos podendo este órgano tramitar simultaneamente indemnización de danos e perxuízos e liquidación contractual de conformidade coa tramitación indicada.

Ademais, de conformidade co artigo 114 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, é preceptivo o informe de Intervención.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A Secretaria Municipal: Rocío Hermida Cancela.

A Interventora Municipal: D^a Rosa M^a Fernández Canosa.”

Por todo o exposto, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE CEE** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Incoar o procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e Dona [REDACTED] relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.

SEGUNDO. Que se dea audiencia ao contratista por un prazo de dez días hábiles desde a notificación deste acordo, para que presenten as alegacións que estime oportunas.

TERCEIRO. Nomear como instrutora do procedemento a D^a Patricia Tellado Campos, Funcionaria do Concello de Cee, a efectos de que requira os informes que estime oportunos, neste senso, estarase ao establecido sobre abstención e recusación aos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

CUARTO.- Recabar asimesmo os informes que se consideren pertinentes en orden a determinar os efectos que as causas de resolución levan consigo, isto é, ademais da incautación da garantía , a indemnización de danos e perxuízos a favor do Concello, así como a reversión das instalacións e determinación do importe das inversións realizadas necesarias para a explotación da concesión tendo en conta a súa amortización, desta forma, a proposta de resolución dos mesmo que proceda elaborarase a vista do anterior, será sometida a pertinente audiencia da parte interesada.

QUINTO.- En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva que procede incautar.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos municipais PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”



INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: conocen a proposta é incoar un procedemento de resolución contractual por impago de dous anos que levan sin pagar un posto do mercado municipal.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

9. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e CIUG para celebración ABAU 2021. Expediente Nº 2021/A005/000005.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 26 de abril de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e ICUG para celebración ABAU 2021. Expediente Nº 2021/A005/000005.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN CONVENIO CONCELLO DE CEE E CIUG PARA CELEBRACIÓN ABAU ANO 2021.

EXPEDIENTE Nº: 2021/A005/000005

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado ao efecto e a retención de crédito obrante no expediente e considerando o Convenio remitido pola CIUG, que literalmente di:

“(…) **Primeiro:** que o Concello de Cee está interesado en que a proba de **Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU)** para os alumnos de Bacharelato dos centros que se relacionan no anexo I se celebren no termo municipal de Cee.

Segundo: que a Comisión Interuniversitaria de Galicia acepta o anterior conforme os condicionamentos resultantes do presente documento, que de seguido se especifican:

CONDICIÓNS:

Primeira: o obxecto do presente acordo é a celebración, dentro do termo municipal de Cee, das ABAU para os alumnos de Bacharelato que cursan estudos en centros situados na comarca durante as convocatorias de xuño e de xullo do ano 2021.

Segunda: a financiación dos gastos que ocasione a celebración das probas correrá a cargo do Excmo. Concello de Cee, sendo a contía dos mesmos de 12.355 euros, que se fará efectiva ó remate da convocatoria de xullo e, en todo caso, denantes do mes de outubro.

Terceira: a relación de centros de bacharelato afectados polo presente acordo figura no Anexo I.



ANEXO I

COMISIÓN DELEGADA Nº 26 IES Agra de Raices (Cee)

Tfno :981.74.59.84 Fax: 981. 74.58.25

- (107) IES. Agra das Raices Cee
- (154) IES Terra de Soneira Vimianzo
- (163) IES Maximino Romero de Lema Baio- Zas
- (167) IES Fernando Blanco Cee

ANEXO II

Previsión de gastos

Convocatoria de xullo	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
8 vocales (Gratificación) 335€x8	2680€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalterno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 10 membros)	1.960€
Viaxes de desprazamento (0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x10 membros)	304
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	1.496€
Total	7.955€
Convocatoria de Setembro	Total
1 Presidente (Gratificación)	555€
1 Secretario (Gratificación)	485€
3 vocales (Gratificación) 335€x3	1005€
1 Administrativo (Gratificación)	320€
1 Subalterno (Gratificación)	155€
Aloxamento Hotel (66€/día x 3 días x 5 membros)	980€
Viaxes de desprazamento 0,19€/Km x 2 viaxes x 80 Km.x5 membros	152€
Manutención 37,40€/día x 4 días x 10 membros	748€
Total	4.400€

Total xuño e xullo: 12.355 €"

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN: PRIMEIRO.-** Aprobación do Convenio entre o Concello de Cee e CIUG para a celebración das ABAU, conforme indica a parte expositiva.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a CIUG, e proceder a sinatura do referido Convenio, facultando a Sra alcaldesa a tal efecto.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sómétese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 6 votos a favor dos grupos políticos municipais PSOE, PP, IXCee e Grupo Mixto e 1 abstención do grupo municipal BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta é o convenio para facer as probas da selectividade, vou enlazar serxio co que comentastes antes dos servizos mancomunados, da colaboración para que teñades coñecemento, por parte miña falei cos alcaldes dos distintos concellos que fan probas de selectividade en Cee, no 2019 colaboraron economicamente, Dumbría, Vimianzo, Camariñas e Fisterra, o resto non colaborou e no 2020, o único que ingresou foi camariñas, o resto non, dalgunha maneira ven a confirmar o que dicía o Sr Vigo, si ten unha vocación comarcal de prestación de servizos pero non hai resposta do resto dos concellos no momento da colaboración eso que se manda o convenio pero a hora da verdade non se colabora.

Sr Dominguez Garcia: son colegas seus todos, procure insistir no tema.

Sra alcaldesa: eu insisto pero quero plamar a realidade, pasou agora e antes tamén, Cee é quen asumía sempre os custos de todos os servizos.

Sr Domínguez García: Cee é un concello de servizos e ten que seguir prestando si pretendemos manter o liderazgo.

Sra alcaldesa: exactamente pero plasmar a realidade sexan compañeiros ou non, vamos volver a mandar o convenio e que fagan o ingreso pero a realidade é esa.

Sr Vigo: independentemente do tema que falabamos da mancomunidade, estamos na liña de que Cee debe seguir mantendo esa vocación de ser o concello de prestador de servizos porque é a nosa forma de vida e o noso futuro, non nos enganemos, aquí non vamos depender da industria nin sectores primarios porque no noso concello eso non existe e o que existe está morrendo progresivamente, é importante seguir así eso non significa que haxa un grao de compromiso polos concellos que se sinten beneficiados dos servizos que cee oferta, é verdade que nos non temos as mesmas posibilidades uns que outros, que os que ten carballo por exemplo que é mais grande, pero o nivel de resposta na contorna que non temos, eso nos facilitaría as cousas, pero teño claro a nosa aposta é por seguir mantendo ese nivel de ir acollendo progresivamente a maior cantidade de servizos posibles.

Sr Domínguez Louro: é unha lastima eu entrei polo 20 e tantos de marzo do 2014 e un pleno despois se tratou este asunto e chamoume a atención de que porque nos tiñamos que pagar todo, estando de acordo que se celebren as probas da Abau, de aquela puxen enriba da mesa porque me chocou, xa falamos desto nun pleno do ano pasado parece que algo ía a cambiar, a intención de ir sumando e lonxe diso o que se fixo foi restar polo que Vde explica, a miña grande decepción de que non entendan, que favorece a toda a poboación, e a Cee tamén, co cal sempre dixeran que tiña que aportar mais con independencia do número de alumnos porque xenera actividade no pobo e favorece a actividade económica e a riqueza de aquí, mostrar a maior das decepcións, recollendo o guante do Sr Domínguez, na Costa da Morte goberna o PSOE, o mellor é mais facil chegar a acordos con xente que non comparte contigo.

Sr Domínguez García: cos do PP

Sr Domínguez Louro: O merllo tamén pero fai tempo que non ten nada na Costa da Morte

Sr Domínguez García: por eso estamos así.

Sr Domínguez Louro: é unha lástima, e se non somos capaces de poñernos de acordo para unha volta de viños, si o miran no porcentaxe de cada concello é tan ridícula a porcentaxe que nos debería caer a cara de vergoña

Sra alcaldesa: veñen alumnos de Laxe, tamén hai do PP, tamén veñen de Cabana, Mazaricos.

Sr Domínguez García: seguro que non hai problema



Sra alcaldesa: sempre dixó que si pero economicamente non aporta nada.
Sr Vigo : o alcalde de laxe cando era independente era serio agora que mudou non sei.
Sr Domínguez García: agora mais serio
Sr Hermida: si queremos liderar a comarca temos que prestar os servizos

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por 2 abstencións do grupo político BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

10. Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda relativo o Suplemento de Crédito Nº 2/2021 (Expediente Nº 2021/T002/000009), para incrementar as partidas que se detallan:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
153.2/619.00	89.447,30	Vías públicas. Inversión
165/619.00	30.409,30€	Alumeado xeral. Inversión
TOTAL	119.856,60€	

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 26 de abril de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Suplemento de Crédito 2/2021. Expediente Nº 2021/T002/000009.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Suplemento de Crédito Nº 2/2021.

EXPEDIENTE Nº: 2021/T002/000009

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, á vista do resultado da liquidación do orzamento municipal para 2020, e determinado o cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional sexta da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e vista a Memoria Xustificativa do Suplemento de Crédito que obra no expediente, e consonte co RD 27/2020 de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais destinando o remanente para gastos xerais e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 2/2021, e en consecuencia, destinar **119.856,60€** do remanente para gastos xerais a incrementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
-------------------------	---------	----------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa interidade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



153.2/619.00	89.447,30	Vías públicas. Inversión
(...)	(...)	(...)
165/619.00	30.409,30€	Alumeado xeral. Inversión

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación o SC Nº 2/2021 para o incremento das partidas que se detallan e resulta ditaminado favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos municipais PSOE, PP e Grupo Mixto e 2 abstencións dos grupos municipais IXCee e BNG.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Sra alcaldesa: son as obras xa debatidas en comisión a da entrada de Cee pola fábrica, a recollida de augas en raíces e a Idae a aportación do 20% en Tedin, Cabaleriza, Porcar, Sembra e Ruíbo.

Sr Vigo: cando foi a comisión previa a comisión do ditame, plantexei a posibilidade de que as obras se votasen individualmente, porque consideraba dende o noso grupo que unha das tres eran necesarias, a recollida de pluviais a mais necesaria, e a da fábrica non era tan prioritaria, aínda que todas son importantes, como as pon xuntas non vamos a votar en contra, será favorable pero nos gustaría mais que plantexara a proposta como lle dixemos.

Sr Dominguez Louro: : na última comisión que na primeira non estiven, tamen pensei pedirle o que acaba de dicir o Sr Vigo, pero xa me comentou o compañeiro que non quería acceder a iso, hai que tomar unha decisión sobre o paquete global e o noso voto vai ser favorable porque calquera obra que se faga neste concello ten a súa importancia e todas son precisas sin embargo falamos de prioridades e nestas tamén, o alumeado por suposto, xa votamos a favor de todos os anteriores, en canto o da entrada da fábrica consideramos que a aportación de Xeal é insuficiente, porque esa estrada destrozase polos camiións pesados da propia fábrica e non sería un milagro que Xeal asumira o coste total, cando ademais hai que recordar que a proposta inicial era arreglar o taúde que fai pouco se arregloul, por petición de boa parte da oposición, entabláronse conversacións coa Xunta e foi quen a asumiu, e permite outra obra a tan necesaria recollida de augas pluviais de raíces, consideramos que esa obra a podría facer Xeal no paquete e non nos vamos opoñer, en canto o de raíces presentamos unha proposta baseada nas opinións dos propios veciños de como creen que e a mellor maneira de facela para ser duradeira no tempo, despois de que Vde fora arriba e os técnicos non accederon, parece que a intención do proxecto vai por outro lado e o lamentamos porque ía quedar mellor e nos leva o que temos falado noutras ocasións e é un exemplo onde unha cuadrilla de obras si a tuveramos con 50 e tantos mil euros e con apoio de unhas cuantas máquinas quedaba empatenado raíces e o



Exp. 2021/G010/000007

problema solucionado de maneira definitiva, non vai ser así, en calquer caso non nos vamos opoñer é necesaria e levan sufrindo tempo e hai que darlle unha solución, ogalla non teñamos que estar así dentro de 3 anos, en calquera caso o BNG vai votar a favor.

Sra. alcaldesa: para contestar o Sr Vigo o tema de traer por separado, nas comisións quedoume claro que estabades de acordo co Idae, evidentemente non o mesmo respecto da Entrada da Fábrica, como a aplicación orzamentaria é a mesma de aí que vaian as dúas xuntas, a de Raíces e a da Entrada da Fábrica, en todo caso por parte do voceiro do PP na comisión había manifestado o seu voto a favor e tamén do Grupo Mixto, con relación o tema das obras de Raíces tivemos unha reunión a petición do BNG co inxeñeiro via telemática, igualmente acercouse a obra in situ, o sitio, e estivo falando alí cos veciños explicou tecnicamente porque esa era a solución mais correcta e os veciños o entenderon.

Sr Vigo: unha pregunta, está intentando decir que plantexou a proposta plenaria porque xa tiña garantía de que co PP e cidadanos ia sacar adiante?

Sra alcaldesa: dixen que o Idae e logo as outras dúas teñen a mesma aplicación orzamentaria o estaba explicando.

Sr Vigo: non era necesario facer as dúas, da a entender de que tiña o apoio favorable e as obras ian sair adiante independentemente de que houbera apoio.

Sra alcaldesa: nesa comisión fun sincera e o expliquei claramente, que o punto seguinte non quedaba claro que poidera sair adiante porque se absiveron excepto cidadanos pero as outras obras si se había manifestado claramente o PP e cidadanos que estaban de acordo e tiña maioría suficiente para que as obras sairan adiante, hai que ser claros e decir a verdade.

Sr Vigo: esta explicación eu non a escoitei en calquera caso non invalida o que digo, a proposta vai conxunta porque chegou ca garantía de que ese punto saía adiante cas tres obras.

Sra alcaldesa: respecto a obra de raíces estades de acordo pero non coa pista da entrada pola fábrica, acabo de decir que esas dúas obras van na mesma aplicación orzamentaria e sumei a obra do Idae porque estaban todos de acordo e vai no mesmo paquete.

Sr Vigo: a obra do Idae é necesaria evidentemente, aí non hai dúbida nin a houbo dende o primeiro día, pero na outra non é necesario que se fixeran e gastaron os cartos do Remanente podía ser nunha soa si se plantexara así o que pasa e que si tiña a garantía de sacala adiante xa está.

Sra alcaldesa: eso unido que por parte de Xeal aporta o 50%.

Sr Vigo: Xeal penso que tiña que aportar o 150% e aínda así non aporta o que debería, é o unico concello que ten unha empresa desa natureza que non ten compromiso social e nos non temos que facerlle ningún regalo, un auténtico insulto

Sra alcaldesa: unha das entradas mais importantes por Cee é esa, e ten moito tráfico non so van a Xeal, moitísimo tráfico.

Sr Vigo: os destrozos se producen fundamentalmente polos vehículos industriais que van a Xeal o tráfico rodado normal non o destroza.

Sra. Alcaldesa: non vou a entrar no debate de novo deso porque temos tantas estradas nesa situación e que non teñen vehículos pesados pero esa é de moito tránsito e por eso aporta o 50%, é mellor o 100% claro.

Sr Vigo: no o 150%

Sra alcaldesa: pero aporta o 50%

Sr Domínguez García: si negocio eu tema pagan o 100%

Sra alcaldesa: de eso non temos duda, o 300%

Sr Domínguez García: Gracias por reconcelo

Sra alcaldesa: mire, porque seguro que me lo van a plantear en ruegos y preguntas, ya lo explico, el



tema del talud se lo tengo que agradecer al Sr Domínguez García.

Sr Domínguez García: no me tiene que agradecer nada.

Sra alcaldesa: como alcaldesa y representante del concello por supouesto, el tema del talud, solicité un informe que di traslado al Sr Domínguez, con eso hable con AXI con el ingeniero, director territorial y xeral, los técnicos manifestaron que era una competencia del Concello, ya se lo que me van a contestar, que no porque quien tiene que hacer el muro es el que aguanta del terreno, el argumento no es así, el que hace un desmonte tiene que aguantar del terreno, ese desmonte en su día fue el concello y ese es el argumento de los técnicos, el Sr Domínguez sabe cual era el criterio de los técnicos de la Xunta, fue el Sr Domínguez que hablo con el delegado territorial y su gestión fue la que hizo posible que la xunta asumiese dicha obra, y que este ejecutada, eso fue literalmente la verdad de lo que pasó, si quiere que me corrija el Sr Domínguez.

Sr Domínguez García: non corrixo pero podía conseguir mais cousas si contara coa oposición o noso grupo sempre está disposto a colaborar si non se fan mais ou se perden non será por culpa nosa porque colaboramos sempre

Sra alcaldesa: añadido en el caso de que la xunta no hubiese asumido dicho coste, la realidad es que un 50% aportaba Xeal y el otro 50% se conseguía por una subvención estatal y tampoco tendríamos que hacer frente a ese coste, de todas formas más rápido fue así y agradecer las gestiones del Sr Domínguez.

Sr Domínguez Louro: si se me permite xa que estamos co talud tamén o felicito pero polo 65 cumpleaños, porque faga o seu traballo, o facemos todos, recuerdo perfectamente no pleno e na comisión, tanto o Sr Domínguez como eu como o Sr Vigo falamos nos mesmos termos que tiña que asumir esa obra era a propietaria da comarca, co cal tamén coincido co Sr Domínguez de que nesta ocasión e despois de que nos puxeramos mans a obra nesa comisión, e cada un desempeñando o seu papel chegamos a aforrar ese diñeiro para que se poida invertir agora en raíces ou noutro lado, súpome o que dixo o Sr Domínguez si nos fixera caso poderíamos axudar moitos mais porque aqui as 13 persoas queremos o mellor para cee, convidoa a que nos escoite e nos faga caso, temos as nosas diferencias pero a responsabilidade desta oposición é manifesta e senon comparar con oturos concellos cercanos, a min comentaronme que xa acabaran ca obra, hoxe fun por alí a vela e a pregunta é si considera, chamoume atención os soportes quitamedos alí quedaron no aire, non sei si a obra é o suficientemente boa para asegurar eso, a miña dúbida é de quen é culpa si é a Xunta ou a Xunta recolleu o que estaba feito no Concello. Fixo a obra cun proxecto dela ou co que había no Concello porque si é co do Concello xa adianto de que non me parece moi segura polo menos pola parte de arriba

Sr Domínguez García: a xunta fixo a obra que se lle pedíu segundo o estudo que se mandou do Concello nada mais nin menos, exactamente o que se pediu do Concello, houbera quedado mellor un muro de contención pero fíxose o que lle pediu.

Sr Domínguez Louro: considera que quedou ben?

Sr Domínguez García: eu non digo que quedara ben ou mal, podía quedar mellor cun muro de contención pero insisto a xunta fixo o que se lle envió dende o concello.

Sra alcaldesa: la obra la ejecutó la empresa que hace el mantenimiento de la xunta, la misma que hizo el proyectado en Gures, es una empresa especialista en proyectado, el hacer un muro de contención allí, porque lo hablé, podía haber peligro de desprendimiento no hay suficiente ancho para aguantar y poder hacer fue lo que me trasladó, cuando se haga la variante hay un proyecto pero el coste es mas considerable, hacer esos muros que se pretenden o ampliar la zona mas para adelante el ancho de la



Exp. 2021/G010/000007

pista, la xunta no iba asumir ahora 600.000 euros lo asumirá cuando haga la variante, esta obra tiene un objetivo principal que es la seguridad, que podía estar mejor, claro, evidentemente.

Sra Iglesias Lema: a mi me encanta, estéticamente me encanta no sé la seguridad me gusta mas que un muro de hormigón, esteticamente me gusta pase' por alli y me sorprendió pero hablo de lo visual, me parece diferente.

Sra alcaldesa: son como los proyectados de casi todas las autovías, para aguantar, ni mas ni menos.

Sr Vigo: cumple el objetivo fundamental que es evitar los desprendamientos, cumple el objetivo de asegurar ese tramo

Sr Domínguez Louro: chamoume atención que os soportes dos quitamedos de arriba.

Sra alcaldesa: le pregunté por eso y me dijeron que así quedaban completamente seguros pero vuelvo a hablar con ellos pero me dijeron eso

Sr Domínguez Louro: consultello e si está ben está ben pero me chamou a atención

Sra alcaldesa: me dijeron que tal como estaba el cemento y proyectado no había problema pero se lo vuelvo a reiterar que no soy especialista en eso.

